



Servizo de Persoal Docente e Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría
Rúa Maestranza, s/n
15071 A Coruña
Tel.: 981 167 000 Ext. 1162
servizo_pdi@udc.es

Resolución do 18 de decembro de 2023 da Universidade da Coruña pola que se nomea Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Medicina a María del Mar Castellanos Rodrigo.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para vulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 4 de setembro de 2023 (BOE do 15 de setembro 2023), para a provisión da praza número 23/029 de Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Medicina, departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas desta universidade, a favor de María del Mar Castellanos Rodrigo, con DNI núm. ***774** e unha vez que a persoa interesada acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a María del Mar Castellanos Rodrigo, Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Medicina, departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas desta Universidade.

No prazo máximo de vinte días, a contar desde o día seguinte á publicación deste nomeamento no "Boletín Oficial do Estado", a persoa candidata deberá tomar posesión do seu destino.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 18 de decembro de 2023

O Reitor

Julio Ernesto Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	i3gETwC6qtPNiwl7qCUewQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	18/12/2023 11:12:19
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/i3gETwC6qtPNiwl7qCUewQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

